

## Presentación da materia/módulo

<b>Materia / Módulo</b>	<b>Matemáticas Aplicadas II</b>	<b>Curso / Ciclo</b>	<b>2024 - 2025</b> <b>2º BAC CCSS</b>
-------------------------	---------------------------------	----------------------	--

### CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

<b>Tema 0</b>	Actitudes e técnicas no desenvolvemento matemático. Matemáticas para a vida en sociedade
---------------	--

<b>1ª Avaliación</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Matrices</li> <li>2. Determinantes</li> <li>3. Sistemas de ecuacións</li> <li>4. Programación linear</li> </ol>
<b>2ª Avaliación</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>5. Límites de funcións. Continuidade</li> <li>6. Derivadas</li> <li>7. Aplicacións das derivadas</li> <li>8. Representación de funcións.</li> <li>9. Integrais</li> </ol>
<b>3ª Avaliación</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>10. Probabilidade</li> <li>11. Distribucións binomial e normal</li> <li>12. Inferencia estatística. Estimación</li> </ol>

### PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

<b>Instrumentos:</b>	<b>Peso %</b>
Probas escritas	90 %
Actitudes/Técnicas/Traballos/Tarefas	10%

#### Cráterios:

- Ao longo do curso realizaranse probas escritas, todas elas puntuadas sobre 9 (agás as recuperacións e as probas finais que serán puntuadas sobre 10), do seguinte xeito:
  - Na 1ª e 2ª avaliación 0 ou 1 control (C) e 1 exame de avaliación (E).
  - Na 3ª avaliación os contidos dividiranse en dúas partes. Todo o alumnado realizará un control (C<sub>3</sub>) e unha proba máis a elixir entre as dúas opcións seguintes:
    - 1) Un exame da terceira avaliación (E<sub>3</sub>)
    - 2) Unha proba final de toda a materia do curso (F)
- Para cada avaliación ponderarase o exame de avaliación sobre os controis. Despois da 1ª e 2ª avaliación farase unha recuperación (R), puntuada sobre 10, que substituirá á cualificación da avaliación, sempre que (R) sexa superior a ela. O exame de recuperación, R, é obrigatorio para todos aqueles alumnos que obtiveran cualificación negativa (insuficiente) no boletín da correspondente avaliación e opcional para o resto do alumnado que teña interese en subir a súa nota.
- Para cada unha das tres avaliacións valorarase a actitude, perseveranza, motivación, colaboración, recoñecemento e uso da linguaxe matemática e o traballo e a realización de tarefas, puntuados sobre 1.

- A cualificación das probas escritas da 1ª e 2ª avaliación (P) será  $(C+2E)/3$  no caso de realizar 1 control e 1 exame de avaliación; noutro caso a nota de cada avaliación será E.  
Na 3ª avaliación a cualificación que se terá en conta será respectivamente segundo a opción elixida:  
1)  $(C_3+2E_3)/3$                       2) F
- A cualificación de cada avaliación parcial (1ª, 2ª e 3ª avaliación), obtérase da suma da nota de actitude/técnicas/traballos/tarefas, **T**, máis a nota de probas **P**.  
**B = T + P**
- A cualificación na convocatoria ordinaria será a media aritmética das tres avaliacións agás no caso de ter elixido a opción 2 que sería a nota final de curso, F. Promocionará o alumnado con cualificación igual ou superior a 5, sempre que acredite un coñecemento mínimo da materia en cada avaliación.
- Na convocatoria extraordinaria a cualificación será a obtida nunha proba escrita puntuada sobre 10. A materia a exame será toda a impartida durante o curso. Promocionará o alumnado con cualificación igual ou superior a 5.
- No caso de detectar que se copia nunha proba por calquera medio, será cualificado con 0 puntos nela.